



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación Gaita Galega

Curso 2023/2024

Departamento de Música Tradicional

<http://www.edu.xunta.es/centros/cmusxanviano/>



## Índice

---

<b>1. Introducción .....</b>	<b>9</b>
Marco legal.....	9
Coñecementos previos .....	10
<b>2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais .....</b>	<b>11</b>
Grao Elemental .....	11
Grao Profesional .....	12
<b>3. Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música.....</b>	<b>13</b>
<b>4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de gaita galega .....</b>	<b>14</b>
Grao Elemental .....	14
Grao Profesional .....	15
<b>5. Metodoloxía .....</b>	<b>18</b>
Principios metodolóxicos.....	18
Métodos didácticos .....	19
<b>6. Atención á diversidade.....</b>	<b>20</b>
<b>7. Temas transversais.....</b>	<b>21</b>
Educación en valores.....	21
Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	22
<b>8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>23</b>
<b>9. Secuenciación .....</b>	<b>24</b>
<b>1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL .....</b>	<b>24</b>
9.1.1 Obxectivos.....	24
9.1.2 Contidos .....	24
9.1.3 Avaliación .....	25
9.1.3.1 Criterios de avaliación .....	26
9.1.3.2 Mínimos esixibles .....	26
9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación .....	26
9.1.3.4 Criterios de cualificación.....	27
9.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	28
9.1.4 Medidas de recuperación .....	28
9.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	29
9.1.4.2 Probas extraordinarias de xuño.....	29
9.1.5 Recursos didácticos .....	29
9.1.6 Repertorio orientativo .....	30



9.2	2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL .....	31
9.2.1	Obxectivos.....	31
9.2.2	Contidos .....	31
9.2.3	Avaliación .....	32
9.2.3.1	Criterios de avaliación .....	33
9.2.3.2	Mínimos esixibles .....	33
9.2.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	33
9.2.3.4	Criterios de cualificación.....	33
9.2.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	34
9.2.4	Medidas de recuperación .....	34
9.2.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	35
9.2.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	35
9.2.5	Recursos didácticos .....	36
9.2.6	Repertorio orientativo .....	36
9.3	3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL .....	37
9.3.1	Obxectivos.....	37
9.3.2	Contidos .....	37
9.3.3	Avaliación .....	38
9.3.3.1	Criterios de avaliación .....	38
9.3.3.2	Mínimos esixibles .....	39
9.3.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	39
9.3.3.4	Criterios de cualificación.....	40
9.3.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	41
9.3.4	Medidas de recuperación .....	41
9.3.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	42
9.3.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	42
9.3.5	Recursos didácticos .....	42
9.3.6	Repertorio orientativo .....	43
9.4	4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL .....	44
9.4.1	Obxectivos.....	44
9.4.2	Contidos .....	44
9.4.3	Avaliación .....	45
9.4.3.1	Criterios de avaliación .....	46
9.4.3.2	Mínimos esixibles .....	46
9.4.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	46
9.4.3.4	Criterios de cualificación.....	46
9.4.4	Medidas de recuperación .....	48
9.4.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	48



9.4.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	48
9.4.5	Recursos didácticos .....	49
9.4.6	Repertorio orientativo .....	49
9.5	1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL .....	50
9.5.1	Obxectivos.....	50
9.5.2	Contidos .....	50
9.5.3	Avaliación .....	51
9.5.3.1	Criterios de avaliación .....	52
9.5.3.2	Mínimos esixibles .....	53
9.5.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	53
9.5.3.4	Criterios de cualificación.....	53
9.5.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	54
9.5.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	55
9.5.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	55
9.5.5	Recursos didácticos .....	55
9.5.6	Repertorio orientativo .....	56
9.6	2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL .....	57
9.6.1	Obxectivos.....	57
9.6.2	Contidos .....	57
9.6.3	Avaliación .....	58
9.6.3.1	Criterios de avaliación .....	59
9.6.3.2	Mínimos esixibles .....	60
9.6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	61
9.6.3.4	Criterios de cualificación.....	61
9.6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	62
9.6.4	Medidas de recuperación .....	62
9.6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	63
9.6.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	63
9.6.5	Recursos didácticos .....	63
9.6.6	Repertorio orientativo .....	64
9.7	3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL .....	65
9.7.1	Obxectivos.....	65
9.7.2	Contidos .....	65
9.7.3	Avaliación .....	66
9.7.3.1	Criterios de avaliación .....	67
9.7.3.2	Mínimos esixibles .....	67
9.7.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	67
9.7.3.4	Criterios de cualificación.....	68



9.7.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	68
9.7.4	Medidas de recuperación .....	69
9.7.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	70
9.7.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	70
9.7.5	Recursos didácticos .....	70
9.7.6	Repertorio orientativo .....	71
9.8	4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL .....	72
9.8.1	Obxectivos.....	72
9.8.2	Contidos .....	72
9.8.3	Avaliación .....	73
9.8.3.1	Criterios de avaliación .....	74
9.8.3.2	Mínimos esixibles .....	74
9.8.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	75
9.8.3.4	Criterios de cualificación.....	75
9.8.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	76
9.8.4	Medidas de recuperación .....	76
9.8.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	77
9.8.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	77
9.8.5	Recursos didácticos .....	77
9.8.6	Repertorio orientativo .....	78
9.9	5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL .....	79
9.9.1	Obxectivos.....	79
9.9.2	Contidos .....	79
9.9.3	Avaliación .....	80
9.9.3.1	Criterios de avaliación .....	81
9.9.3.2	Mínimos esixibles .....	82
9.9.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	82
9.9.3.4	Criterios de cualificación.....	82
9.9.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	83
9.9.4	Medidas de recuperación .....	84
9.9.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	84
9.9.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	85
9.9.5	Recursos didácticos .....	85
9.9.6	Repertorio orientativo .....	86
9.10	6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL .....	87
9.10.1	Obxectivos.....	87
9.10.2	Contidos .....	88
9.10.3	Avaliación .....	88



9.10.3.1	Criterios de avaliación .....	90
9.10.3.2	Mínimos esixibles .....	91
9.10.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	91
9.10.3.4	Criterios de cualificación.....	91
9.10.4	Medidas de recuperación .....	92
9.10.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	93
9.10.4.2	Probas extraordinarias de xuño.....	93
9.10.1	Repertorio orientativo .....	94
Recursos didácticos .....		95
9.10.2	Recursos didácticos do Grao Elemental .....	95
9.10.3	Recursos didácticos do Grao Profesional .....	95
<b>10.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>97</b>
<b>11.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>97</b>
<b>12.</b>	<b>ANEXOS .....</b>	<b>98</b>
12.1	Probas de acceso a grao elemental (agás 1º) .....	98
12.1.1	PROBA DE ACCESO A 2º DE GRAO ELEMENTAL – GAITA .....	98
12.1.1.1	Contidos .....	98
12.1.1.2	Criterios de avaliación .....	98
12.1.1.3	Criterios de cualificación .....	99
12.1.1.4	Repertorio orientativo .....	99
12.1.2	PROBA DE ACCESO A 3º DE GRAO ELEMENTAL – GAITA .....	100
12.1.2.1	Contidos .....	100
12.1.2.2	Criterios de avaliación .....	100
12.1.2.3	Criterios de cualificación .....	101
12.1.2.4	Repertorio orientativo .....	101
12.1.3	PROBA DE ACCESO A 4º DE GRAO ELEMENTAL – GAITA .....	102
12.1.3.1	Contidos .....	102
12.1.3.2	Criterios de avaliación .....	102
12.1.3.3	Criterios de cualificación .....	103
12.1.3.4	Repertorio orientativo .....	103
12.2	PROBAS DE ACCESO A 1º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA .....	104
12.2.1	Contidos .....	104
12.2.2	Criterios de avaliación .....	104
12.2.3	Criterios de cualificación.....	105
12.2.4	Repertorio orientativo .....	105
12.3	Probas de acceso a outros cursos. ....	106
12.3.1	PROBA DE ACCESO A 2º DE GRAO PROFESIONAL – GAITA .....	106



12.3.1.1	Contidos .....	106
12.3.1.2	Criterios de avaliación .....	106
12.3.1.3	Repertorio orientativo .....	107
12.3.2	PROBA DE ACCESO A 3º DE GRAO PROFESIONAL – GAITA .....	108
12.3.2.1	Contidos .....	108
12.3.2.2	Criterios de avaliación .....	108
12.3.2.3	Criterios de cualificación .....	109
12.3.2.4	Repertorio orientativo .....	109
12.3.3	PROBA DE ACCESO A 4º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA .....	110
12.3.3.1	Contidos .....	110
12.3.3.2	Criterios de avaliación .....	110
12.3.3.3	Criterios de cualificación .....	111
12.3.3.4	Repertorio orientativo .....	111
12.3.4	PROBA DE ACCESO A 5º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA .....	112
12.3.4.1	Contidos .....	112
12.3.4.2	Criterios de avaliación .....	112
12.3.4.3	Criterios de cualificación .....	113
12.3.4.4	Repertorio orientativo .....	113
12.3.5	PROBA DE ACCESO A 6º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA .....	114
12.3.5.1	Contidos .....	114
12.3.5.2	Criterios de avaliación .....	114
12.3.5.3	Criterios de cualificación .....	115
12.3.5.4	Repertorio orientativo .....	115
12.4	Clase colectiva .....	116
12.4.1	Introdución .....	116
12.4.2	Obxectivos .....	116
12.4.3	Contidos .....	117
12.4.4	Criterios de avaliación .....	117
12.4.5	Mínimos esixibles .....	118
12.4.6	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	118
12.4.7	Criterios de cualificación .....	118
12.5	Segundo instrumento .....	119
12.5.1	Introdución .....	119
12.5.2	Obxectivos .....	119
12.5.3	Contidos .....	119
12.5.4	Criterios de avaliación .....	120
12.5.5	Mínimos esixibles .....	120
12.5.6	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	120



12.5.7	Criterios de cualificación.....	120
12.6	Criterios para a obtención dos premios fin de grao. ....	121
12.7	ANEXO COVID 19 .....	122
1.	Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2019/2020) .....	122
2.	Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.....	123
3.	Para a elaboración desta PD e seguindo as directrices establecidas na CCP .....	124
4.	Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020 .....	124
5.	Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao	124
6.	Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.....	124
7.	Procedementos de avaliación .....	125





## 1. Introducción

---

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

A presente Programación Didáctica de Gaita está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos seis cursos de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do Departamento de Música Tradicional de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia para a ensinanza, garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

### Marco legal

A continuación se citan, respecto a súa data de publicación, de menor a maior antigüedad, os documentos legais empregados para a elaboración desta programación didáctica:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015**, pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011**, pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, no que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.



- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais**, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais**, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## Coñecementos previos

Para acceder ao 1º curso de Grao Elemental non se precisan coñecementos previos posto que os parámetros a valorar na proba de acceso son de carácter aptitudinal: discriminación auditiva, rítmica, memoria auditiva, etc. Acceder a calquera outro dos cursos de Grao Elemental, require dun dominio dos contidos do curso anterior.

Para acceder ao 1º curso de Grao profesional é necesario superar a proba específica de acceso. Entrar en calquera outro dos cursos de Grao Profesional, require dun dominio dos contidos do curso anterior a valorar en probas similares.



## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

---

### Grao Elemental

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



## Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade da música.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



### 3. Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música

---

No Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense, no artigo 6º, os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia. Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



## 4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de gaita galega

---

### Grao Elemental

O Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, fala da importancia dos catro cursos que compoñen o grao elemental para o desenvolvemento do futuro instrumentista, xa que ao longo deste período, teñen que quedar sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz e, o que todavía é máis importante, duns conceptos musicais que cristalicen, mediando o tempo necesario para a maduración de todo iso, nunha auténtica conciencia de intérprete.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, citados no anexo II deste decreto, e sobre os que se basa a presente programación, son os seguintes:

#### Obxectivos:

- Acadar un control suficiente do tempero e certa práctica na preparación dos elementos da gaita que permitan obter unha correcta afinación e un mínimo de calidade sonora.
- Adquirir unha dicitación e técnica de base que posibilite interpretar un repertorio idóneo para este nivel procedente da tradición musical de Galicia, principalmente, e das cornamusas máis afíns.
- Dominar os recursos básicos de ornamentación e articulación, así como a súa tipificación, clasificación, e representación gráfica.
- Demostrar os coñecementos fundamentais sobre a música e a historia deste instrumento, así como a súa situación no contexto da familia das cornamusas.
- Interpretar de memoria o repertorio estudado.

#### Contidos:

- Coñecemento da técnica e ornamentación de base, así como a representación da mesma.
- Exercicios, estudos e pezas propias deste nivel.
- Experiencia no mantemento, na preparación e na afinación da gaita.
- Cultura xeral sobre a música e a historia do instrumento, así como de aqueles máis próximos.
- Práctica e improvisación do preludio.

#### Criterios de avaliación:

- Leer textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.



- Interpretar obras en relación aos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumno para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir despois dunha audición os rasgos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, se pretende avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumno poda entender en base ao seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por ser novas para él ou por resultar todavía inabordables debido a súa dificultade técnica.
- Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar si o alumno é capaz de aplicar no seu estudio as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver una autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público, como solita e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar e cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumno para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros e compañeiras nun traballo común.

## Grao Profesional

O Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, fala da formación do instrumentista como un fronte interdisciplinar de considerable amplitude e que supón un longo proceso formativo no que xogan un importantísimo papel, por unha parte, o cultivo temprano das cualidades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, citados no anexo II deste decreto, e sobre os que se basa a presente programación, son os seguintes:

Obxectivos:

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, vibrato, etc.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das exixencias do nivel, no repertorio propio.
- Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.
- Ser consciente da importancia do traballo de investigación etnomusicolóxica como fonte de inspiración e coñecemento, así como o deber de preservar o patrimonio da música tradicional.



- Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración dos elementos básicos para a produción do sonido.
- Ser capaz de ornamentar dacordo cos criterios estilísticos, así como fomentar a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Contidos:

- Traballo de tódolos elementos que interfíren no fraseo musical: línea, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Estudo do repertorio para gaita solista, cuarteto tradicional, bandas e formacions folk.
- Exercicio de improvisación e variacións sobre melodías de corte tradicional.
- Práctica de transcrición e adaptación á gaita de repertorio proviente doutras cornamusas.
- Estudo fonográfico e bibliográfico sobre a música tradicional e a expansión da cornamusa no mundo.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Práctica de conxunto.

Criterios de avaliación:

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio se pretende avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grado de relaxación necesaria para evitar tensions que conduzcan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sin desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio evalúa a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e o uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio se pretende evaluar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio. Con este criterio se pretende evaluar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio evalúa a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura a primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.





- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista ou en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posee do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grado de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista dacordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio se valora o dominio e a comprensión que o alumnado posee das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro dos marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio evalúa o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro del respeto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio se quere comprobar o desenvolvemento que o alumnado acadou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio se pretende avaliar a capacidade de autocontrol e grado de madurez da súa personalidade artística.



## 5. Metodoloxía

---

A orientación pedagóxica da materia irá encamiñada á resolver as dificultades que se atopa ó alumno de adaptación ó instrumento. Para iso, no primeiro cuadrimestre do primeiro curso de grao elemental farase fincapé na utilización de *frauta rectificada* como paso previo.

As necesidades específicas do instrumento fan necesaria unha aula en boas condicións acústicas de insonorización, debido ao volume que pode acadar en certas obras e estilos.

En canto á metodoloxía específica, farase unha primeira toma de contacto nas primeiras sesións para obter datos específicos de forma que poidamos realizar unha avaliación sumativa, partindo dos coñecementos previos.

No primeiro curso de grao medio, isto faise especialmente importante pola proba de acceso mediante a cal puidesen acceder alumnos con carencias con respecto ó currículo de grao elemental.

As ferramentas de traballo na aula serán fundamentalmente as pezas, de forma que o alumno coñeza o repertorio fundamental da música tradicional así como o das cornamusas afíns. Isto completárase con exercicios, estudos, etc., específicos para resolver as distintas dificultades que están desenroladas nos obxectivos do curso. Completárase coa realización de actividades como creación de pezas, transcripción, lectura de artigos, etc. para acadar os obxectivos propostos.

O traballo co instrumento completárase coa utilización da *frauta rectificada* e a percusión, como complemento á interpretación no instrumento.

Pola propia natureza da ensinanza de música tradicional, o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos hasta un programa de concerto.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

### Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O teórico-práctico da materia de gaita require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que dicimos e pedimos.



- **Individualización:** En cada clase se terá en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

## Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tiveronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.

b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.

c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.

d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.



## 6. Atención á diversidade

---

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Música Tradicional teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que tracen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Trazar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con discapacidade a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo achegado ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

Para o alumnado con necesidades específicas contémlase os casos seguintes:

-Como se trata dunha especialidade de vento, en caso de ter algún problema relacionado co sistema respiratorio, traballaranse exercicios específicos de respiración, así como a utilización de instrumentos que serven para mellorar a capacidade pulmonar.

-No caso de ter algunha dificultade de tipo visual, o material de uso para a clase utilizarase dixitalizado, de forma que coas ferramentas informáticas poderemos facer fronte a estas dificultades



## 7. Temas transversais

---

A maiores dos valores universais de respecto e convivencia que afectan a diferentes ámbitos da educación, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

### Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- **Educación ambiental:** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- **Educación para a saúde:** abordarámola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- **Educación para a igualdade de sexos:** partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- **Educación para a paz e a tolerancia:** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- **Educación para o lecer:** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- **Educación do consumidor:** intentaremos inculcar unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música
- **Educación moral e cívica:** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.
- **Educación multicultural:** valorar e fomentar o interese polo legado musical doutras culturas, analizando diferencias e semellanzas, para enriquecer a bagaxe musical dos alumnos en canto á diversidade cultural.



## Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Na materia de gaita, de forma máis concreta, usaremos as TIC's en diversos contextos, como os seguintes:

- Busca de información, elaboración de traballos, actividades, etc. na rede.
- Presentacións de traballos mediante powerpoint ou similares.
- Software de edición de partituras, edición de audio, etc..

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.



## **8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Tratarase de fomentar o interese e aprendizaxe musical dende diferentes ángulos: literario, audiovisual, artístico, etc., poñendo en práctica diferentes actividades que contribúan a acadar os obxectivos do curso.

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, i estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ós alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.



## 9. Secuenciación

---

### 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

#### 9.1.1 Obxectivos

- Coñecer o instrumento e a súa morfoloxía.
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
- Iniciar o manexo do fol.
- Emitir un son estábel.
- Coñecer e identificar auditivamente ritmos tradicionais.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

### 12.3.2.3 Criterios de cualificación

- Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:
- Técnicos: 50% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 50% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

### 12.3.2.4 Repertorio orientativo

- Muiñeira de Banda ó Río – *Edelmiro Fernández*
- Nana bipolar – Cristian Silva
- Xota da Mahía - *Tradicional*
- Estudo número 31 de 36 *Etudes pour le flageolet* (Bousquet, Narcisse)
- Xota para Nerea - *Iván Costa*



### 12.3.3 PROBA DE ACCESO A 4º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Unha das tres obras escollidas debe ser acompañada para valorar a materia de conxunto.

Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha listaxe e copias das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran deberán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso. Os acompañamentos das pezas que aporte o/a aspirante, correrán a cargo do mesmo.

O aspirante deberá consultar as programacións do resto de materias do curso ao que desexa acceder.

#### 12.3.3.1 Contidos

- Dominio dos modos
- Exercicios cromáticos coa tesitura completa do instrumento
- O estudo do alalá
- Repertorio das gaitas non galegas e influencias da ornamentación foránea
- Estudo de obras para musette e repertorio barroco
- Dominio do empalletado e empallonado
- Lectura á vista de obras con ornamentación escrita
- Coñecemento de diversos estilos e dixitacións na interpretación da gaita

#### 12.3.3.2 Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado



na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

### 12.3.3.3 Criterios de cualificación

- Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:
- Técnicos: 50% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 50% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

### 12.3.3.4 Repertorio orientativo

- Xota Sonámbula para Laura – *David Bellas*
- Antoxos – Daniel Bellón
- Fandango da Vella - Repertorio de Xan de Campañó
- Estudo número 7 de *36 Etudes pour le flageolet* (Bousquet, Narcisse)
- Les Giroflées – *P. Delavigne*



### 12.3.4 PROBA DE ACCESO A 5º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Unha das tres obras escollidas debe ser acompañada para valorar a materia de conxunto.

Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha listaxe e copias das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran deberán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso. Os acompañamentos das pezas que aporte o/a aspirante, correrán a cargo do mesmo.

O aspirante deberá consultar as programacións do resto de materias do curso ao que desexa acceder.

#### 12.3.4.1 Contidos

- Escrita e práctica da ornamentación
- Traballo con gaitas en distintas afinacións e diferentes bordóns
- O estudo do alalá
- Dominio do empalletado e empallonado
- Repertorio das gaitas non galegas e a súa estilística
- Estudo de obras para musette
- Iniciación á análise dos cancioneros
- Coñecemento de diversos estilos e dixitacións tradicionais na interpretación da gaita

#### 12.3.4.2 Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado





na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

#### 12.3.4.3 Criterios de cualificación

- Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:
- Técnicos: 50% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 50% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

#### 12.3.4.4 Repertorio orientativo

- Estudo número 3 de *36 Etudes pour le flageolet* (Bousquet, Narcisse)
- Alghún día – Daniel Bellón
- Luces do Atlántico. I. Amencer en Fisterra – *Ernesto Campos*
- Aquelando choias – *Xesús Vaamonde*
- Les Prima-Veres – *P. Delavigne*



### 12.3.5 PROBA DE ACCESO A 6º DE GRAO PROFESIONAL - GAITA

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Unha das tres obras escollidas debe ser acompañada para valorar a materia de conxunto.

Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha listaxe e copias das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran deberán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso. Os acompañamentos das pezas que aporte o/a aspirante, correrán a cargo do mesmo.

O aspirante deberá consultar as programacións do resto de materias do curso ao que desexa acceder.

#### 12.3.5.1 Contidos

- Estudo de posicións alternativas de dixitación en relación a dinámica
- Dominio dos diversos tipos de ornamentación e escrita e práctica da ornamentación propia
- Interpretación de pezas doutras culturas
- Continuación ao estudo de obras para musette
- A percusión tradicional
- Traballo con gaitas en distintas afinacións
- Dominio do empalletado e empallonado
- Análise dos cancioneros
- Coñecemento de diversos estilos e dixitacións tradicionais na interpretación da gaita

#### 12.3.5.2 Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.



- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

### 12.3.5.3 Criterios de cualificación

- Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:
- Técnicos: 50% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 50% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

### 12.3.5.4 Repertorio orientativo

- Xota da mosca - *Ernesto Campos*
- Luces do Atlántico. I. Amencer en Fisterra – *Ernesto Campos*
- Redondelana – *Ernesto Campos*
- Fandango CF17 – *Aires da Terra* (dixitación pechada)
- Novo Milenium – *Agustín Sánchez*



## 12.4 Clase colectiva

### 12.4.1 Introducción

A clase colectiva cumpre funcións educativas fundamentais, como son o desenvolvemento da personalidade, a socialización e a transmisión de saberes. Entre os obxectivos do grao elemental de música menciónase a capacidade de apreciar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión dos pobos e das persoas e tamén de interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.

Dende o punto de vista psicolóxico, a clase colectiva serve para espertar unha motivación lúdica entre os alumnos. En xeral, é máis estimulante e divertida que a clase individual. Isto contribúe á socialización e ao crecemento persoal dos alumnos, que servirá para evitar inhibicións e desenvolver neles seguridade, autonomía e liberdade. A clase colectiva cumpre algunhas funcións musicais puramente técnicas, derivadas da concentración. Ao facer música en grupo mellórase a capacidade de sincronización rítmica, así como a precisión na afinación. Por último, a música fomenta o crecemento ético das persoas, posto que impón unhas normas de convivencia e comportamento. A clase colectiva debe estar vinculada ao traballo individual e ha de integralo nun proxecto común, suxeito a unha disciplina de conxunto; esta disciplina consiste en respectar o silencio, escoitar aos demais, intervir construtivamente no traballo de equipo e asumir a parte de responsabilidade que cada un ten no resultado final. Isto significa a adquisición duns hábitos, actitudes, valores e normas fundamentais para a actividade musical, pero tamén para o desenvolvemento de relacións harmoniosas cos demais e da capacidade de interpretar e resolver situacións ás que o alumno terá que enfrontarse na vida adulta.

### 12.4.2 Obxectivos

- Ser capaces de interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Aplicar e desenvolver a técnica individual no traballo en grupo.
- Valorar as normas que rexen a actividade de conxunto e a responsabilidade que se contrae nunha tarefa colectiva.
- Enriquecer a cultura musical a través dun repertorio específico que só pode executarse dentro dun grupo.
- Facer da práctica da música en grupo unha actividade habitual, organizada, grata e totalmente integrada no proceso de aprendizaxe do alumno.
- Inculcar respecto e aprecio polos valores propios do traballo colectivo, tanto nos seus aspectos sociais e organizativos como afectivos.
- Ampliar os coñecementos xerais do instrumento en calquera ámbito da música: historia do instrumento, a súa función en calquera formación na que participe, acústica do instrumento
- Introducir de xeito sinxelo a historia do instrumento, intérpretes importantes, etc.
- Coñecer obras importantes e curiosidades do repertorio do instrumento a través da realización de audicións.
- Ler á primeira vista partituras de grupo sinxelas, con control da afinación e equilibrio sonoro.
- Realizar pequenas improvisacións.



- Ampliar o coñecemento doutros instrumentos.

### 12.4.3 Contidos

- Interpretación de dúos, tríos, cuartetos ou outras formacións para interpretar en grupo.
- Audicións de pezas comentadas para a iniciación ao mundo da música a dos instrumentos.
- Visionado de vídeos relativos ao instrumento, tanto de formacións musicais coma da súa historia.
- Lectura a primeira vista de pequenas obras.
- Improvisar pequenos fragmentos de acordo co nivel de cada alumno e posteriormente tratar de harmonizalos para a súa interpretación en grupo, sempre de forma razoada e sinxela para a mellor comprensión do alumno.
- Posta en común das obras traballadas durante o curso.
- Adestramento da coordinación nas entradas e finais das obras, así como da consecución dos matices en grupo.
- Coñecemento en conxunto das características e posibilidades sonoras dun grupo de instrumentos e saber utilizalas dentro das exigencias dos niveis de grao elemental.
- Práctica dunha sensibilidade auditiva que permita a unión e conexión sonora de todo o grupo instrumental.
- Exercicios para estimular a capacidade de escoitar e tocar ao mesmo tempo, favorecendo a adaptación ao conxunto sonoro.
- Actividades destinadas a fomentar a improvisación e a creatividade.
- Apoio ao estudo de aspectos técnicos traballados na clase individual.
- Realización de audicións para familiarizar ao alumno coa situación de tocar en público.
- Asistencia a concertos e audicións doutros instrumentos.

### 12.4.4 Criterios de avaliación

- Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.



### 12.4.5 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía as obras propostas para a agrupación correspondente.
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas.

### 12.4.6 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase.
- Avaliación das audicións trimestrais públicas.
- Avaliación das probas prácticas trimestrais.
- Exames escritos se fose necesario.

### 12.4.7 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Técnicos: 40%
- Estéticos: 40%
- Actitudinais: 20%

\*O alumno deberá superar o 40% da cualificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.



## 12.5 Segundo instrumento

### 12.5.1 Introducción

Esta optativa pode favorecer a todo o alumnado, especialmente ao que desexa acceder ao grao superior polas especialidades de Pedagogía e Composición, pero por suposto tamén pode axudar a completar a formación musical de futuros intérpretes, estando por tanto vinculada aos Itinerarios de Composición, Pedagogía, e Interpretación e adscrita aos Departamentos Instrumentais. Así, esta materia permitirá que estudantes no último curso de grao profesional se acheguen dun xeito práctico a diversas sonoridades, modos de produción de son, estilos, repertorio, recursos pedagóxicos... A elección desta materia suporá para o alumno/a un comezar de novo cun instrumento, pero agora partindo dunha completa base de coñecementos de linguaxe musical que lle facilitarán os progresos. A madurez dos/as estudantes permitiralles experimentar dun xeito novo os procesos de ensinanza aprendizaxe no delicado momento no que se comeza co estudo dun instrumento, e consecuentemente, reflexionar sobre estes procesos. A clase desenvolverase dun xeito eminentemente práctico. Os obxectivos principais serán desenvolver nos/as alumnos/as a capacidade de interpretar con musicalidade no segundo instrumento repertorio adecuado ao seu nivel e de escoller o método de estudo mais axeitado para cada momento, coñecendo e aplicando as técnicas de execución básicas. Deberán, así mesmo, ser capaces de reflexionar sobre os procesos de ensinanza aprendizaxe aplicados a distintos instrumentos.

### 12.5.2 Obxectivos



- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Controlar a produción e a calidade do son.
- Coñecer o mecanismo interno do instrumento e saber utilizar as súas posibilidades para obter un perfeccionamento gradual da calidade sonora.

### 12.5.3 Contidos

- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- Control do son, ataque, articulación dinámica e efectos diversos.
- Práctica da lectura á vista.
- Adestramento permanente da memoria.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Comprensión das estruturas musicais para unha interpretación consciente.



### 12.5.4 Criterios de avaliación


- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. 
- Amosar capacidade de reflexión sobre os procesos de aprendizaxe que permita valorar correctamente o rendemento do estudo. 
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Tocar adoptando unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento.
- Demostrar teórica e practicamente as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel.
- Controlar a produción e a calidade do son.
- Coñecer teoricamente o mecanismo interno do instrumento e saber utilizar as súas posibilidades para obter un perfeccionamento gradual da calidade sonora.

Esta materia, polas similitudes que ten cos primeiros cursos de práctica instrumental, rexerese pola actual programación de gaita en canto a repertorios orientadores, criterios de avaliación, cualificación e mínimos esixibles, procedementos para a avaliación interna do departamento, procedemento de revisión e seguimento das programacións didácticas e actividades extraescolares, culturais e de promoción das ensinanzas programadas.

### 12.5.5 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso.
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas.

### 12.5.6 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase.
- Avaliación audicións trimestrais públicas.
- Avaliación das probas prácticas trimestrais. 
- Exames escritos se fose necesario.

### 12.5.7 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Técnicos: 40%
- Estéticos: 40%





- Actitudinais: 20%<sup>SEPI</sup>

\*O alumno deberá superar o 40% da cualificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

## 12.6 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

Coa vontade de premiar o esforzo dos alumnos e alumnas de Grao Profesional, o Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño convoca os seguintes Premios Extraordinarios de Interpretación baixo as seguintes bases:

- Poderán presentarse todos aqueles alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional Xan Viaño que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.
- O concurso terá lugar o **A determinar**, ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos, non podendo ser membros deste tribunal aqueles profesores que o foran dos candidatos no presente curso.
- Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba. Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.
- O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.
- Os candidatos terán que proporcionar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.
- Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.
- O tribunal terá plena liberdade para interromper a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

### Criterios de avaliación

Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobaráse que o alumno ou alumna demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarásese segundo os seguintes indicadores:

- Dificultade do repertorio.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Claridade e igualdade de dixitación.
- Calidade do son.

Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarásese o estilo interpretativo do alumno o alumna mediante os seguintes indicadores:

- Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
- Adecuación sonora aos diferentes estilos
- Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación



- Corrección na execución dos ornamentos

Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio se comprobará o rigor do alumno ou alumna na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:

- Respeto dos aires e movementos.
- Fidelidade das indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
- Exactitude na exposición das notas.

Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorárase a interpretación artística do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:

- Capacidade de comunicación musical.
- Concentración ao longo do recital.

## 12.7 ANEXO COVID 19

As medidas propostas a continuación serán implementadas en tódalas materias adscritas a este departamento: Gaita, Conxunto e Música Tradicional.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial ven de ditar unas instrucións o 31 de xullo de 2020 para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.

Tendo en conta estas instrucións se redacta o seguinte ANEXO para adaptar a Programación Didáctica á situación sanitaria que estamos a vivir e prepararse para os diferentes escenarios que se podan contemplar en función da situación sanitaria.

### 1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2019/2020)

Ao inicio de curso se levará a cabo unha avaliación inicial individualizada do alumnado e dos conxuntos para verificar as carencias, puntos débiles ou aprendizaxes non adquiridas (no caso de que existan) derivadas da situación sanitaria vivida nos últimos meses.

Este seguimento quedará reflexado no diario de aula, así como as actuacións que se levarán a cabo para solventar esta carencia. O proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- A) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- B) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020. Estas deberán constar no libro do profesor ou rexistro de aula.
- C) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións de actuación por parte do profesorado.



## 2. Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Se contemplan a continuación medidas concretas a seguir segundo o tipo de ensinanza que a situación sanitaria permita impartir.

### **ESCENARIO A) Actividade lectiva presencial**

As clases se desenvolverán na aula cun seguimento normalizado da programación vixente e tendo en conta as actuacións e situacións derivadas da pandemia. Para garantir a protección da saúde e o adecuado funcionamento das aulas se tomarán as seguintes medidas preventivas:

Limpeza da aula por parte do docente entre clases.

Comprobación da presenza de xel hidroalcohólico na aula.

Ventilación da aula ao finalizar a clase, deixando un intervalo de dez minutos no que se abrirá a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 1.5 metros entre docente e o alumnado.

Hixienización de mans antes de comezar a clase.

Non producirse intercambio de materiais entre alumnado e docente.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades e/ou audicións que se poidan organizar.

Implementación de medidas excepcionais puntuais que a situación requira en función da evolución da pandemia.

### **ESCENARIO B) Actividade lectiva semi-presencial**

No caso de ser precisa a semi-presencialidade para o adecuado funcionamento das clases se manterá o horario preestablecido ao comezo de curso.

Os contidos serán impartidos por vía electrónica e empregando os recursos dixitais, telefónicos ou telemáticos xa utilizados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula.

As medidas preventivas contempladas no escenario A) para a presencialidade, serán igualmente aplicables a este escenario.

### **ESCENARIO C) Actividade lectiva non presencial.**

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no período de aillamento anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar co alumnado.

A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas será fundamental para o ensino a distancia. O envío de vídeos e a realización de traballos prácticos (como a escoita de audicións) e teóricos (como a búsqueda de información dun contido), será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de novas iniciativas que paulatinamente se podan implementar.



Os contidos programados que requiran dunha presencialidade, como a interpretación en público, serán adaptados á nova situación, por exemplo, coa realización dunha audición virtual.

### **3. Para a elaboración desta PD e seguindo as directrices establecidas na CCP**

Considéranse as seguintes directrices:

3.1. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020. Aquelas aprendizaxes non impartidas e que respondan aos mínimos esixibles, serán tidas en conta dende as primeiras clases e se traballará sobre eses contidos especialmente.

3.2. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado,

3.3. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar, que serán traballados e repercutirán na nota do primeiro trimestre segundo os criterios de avaliación da programación..

3.4. De ser precisa a docencia non presencial debido a un cambio na situación sanitaria, se traballarán ao longo do curso os contidos mínimos de cada curso en particular, e non se abordarán novos contidos ata ter cumpridos eses mínimos por parte do alumnado..

3.5. Os obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións serán, alomenos, os contemplados nas programacións como mínimos.

### **4. Plans de reforzo e recuperacion coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020**

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características do alumnado. Serán estratexias individualizadas, cun plan de estudo técnico ou artístico adaptado, e sempre tendo en conta a dificultade que para todos supón esta situación que nos toca vivir.

### **5. Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao**

Quedarán reflectidas na avaliación inicial e no documento de seguemento individualizado onde se establecerá un rexistro dos avances. Se realizará unha revisión trimestral das medidas adoptadas para introducir, se é o caso, os axustes necesarios.

### **6. Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital**

Realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a



disponibilidade de conexión a internet para saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou noutros supostos de confinamento.

Respectando a metodoloxía descrita na presente programación, empregaremos de xeito preferente os recursos dixitais que están ao alcance de profesorado e alumnado, especialmente en escenarios de semi-presencialidade ou en caso de confinamento. Estes recursos serán consensuados co alumnado para que sexan realmente efectivos, e poderán incluír videochamadas, información a través de redes como WhatsApp ou similar, etc. Se primará o emprego de medios proporcionados pola Consellería, sempre e cando o alumnado teña acceso a eles.

## **7. Procedementos de avaliación**

Serán os dispostos na programación xa que tanto no caso de ensino presencial como ensino non presencial, consideramos que na nosa materia se poden e deben manter os contidos e obxectivos reflectido